

CENTRO TECNOLÓXICO DA PESCA



Situación: Porto Pesqueiro, Zona Norte, s/n 27863 VIVEIRO (Lugo)
Teléfono: 982 570 371
Fax: 982 570 307
www.cetpec.es
cetpec@cetpec.es



CETPEC é unha Fundación Privada sen ánimo de lucro de ámbito estatal, que foi posta en marcha no ano 2005 como unha iniciativa das entidades Puerto de Celeiro, S.A., a Confraría de Pescadores de Celeiro "Santiago Apóstolo" e Servicios Integrais de Celeiro, S.A. (SERVICEL). Nun futuro inmediato, a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos pasará a formar parte da institución como membro de pleno dereito, xunto coa Consellería de Innovación e Industria e o Concello de Viveiro.

CETPEC xurdiu cunha clara vocación pola innovación e a tecnoloxía, co propósito de reforzar e coordinar as liñas de traballo das entidades fundadoras en prol da creación de valor para as empresas do sector pesqueiro.

A Fundación ten por obxecto promover, incentivar e executar accións que se orienten ó fortalecemento, crecemento e mellora da competitividade do sector pesqueiro, mediante a innovación, investigación e desenvolvemento tecnolóxico, e a promoción e prestación de servizos de formación, información e asesoramento.

Recursos humanos

O Centro ten un equipo multidisciplinar que está formado por 27 persoas, das que o 82% son titulados universitarios.

Organización / Áreas de traballo

O Centro estrutúrase en tres áreas principais de traballo, que son:

- Área de enerxía.
- Área de produto.
- Área de novas tecnoloxías.

Instalacións / Equipamento

O equipamento máis destacado e diferenciador do CETPEC son dous barcos, o Santiago Apóstolo e o Pino Montero, antigos pincheiros do Gran Sol, que serven a todas as áreas como laboratorios flotantes, onde se investiga e se realizan as probas reais das solucións técnicas obtidas. O Centro dispón tamén dunha planta de experimentación e valorización de produtos do mar; unha planta de recuperación e valorización de produtos orgánicos da pesca, un laboratorio de I+D e unha planta de coxeración.



Servizos

Entre os servizos que ofrece o CETPEC están o perfeccionamento e validación das fontes de enerxía alternativas, que sexan técnica e economicamente admisibles para o sector pesqueiro a curto-medio prazo, de cara a promover a súa implantación en barcos e outras instalacións pesqueiras. Estudos de mellora da calidade e valor do peixe, busca de novas oportunidades de negocio e de alternativas viables para a minimización e a xestión de residuos. Introducción no sector da pesca de tecnoloxías de vangarda, co fin de mellorar e innovar os procesos de explotación, produción e comercialización.

Proxectos destacados

- "Peixe Verde".
- "Pesca selectiva con sistema automático de palangre".
- "Desenvolvemento de produtos de quinta gama a partir da pescada funcional".
- "Aproveitamento e valorización de residuos orgánicos xerados nunha lonxa".
- "Plataforma electrónica de comercialización".



Colaboracións, convenios ou alianzas con outras entidades

O Centro traballa de forma continua con diferentes entidades e empresas, con algunhas das cales existen convenios marco e/ou específicos.

- Universidades: USC, UDC, UDV, Rovira i Virgili de Tarragona.
- Entidades públicas: Consellería de Innovación e Industria, Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.
- Empresas: Ariema, S.L.; Arteixo Telecom, Kafloat, Repsol, Tecnomcom.
- Centros Tecnolóxicos: ANFACO, AZTI.